

.....INFORME SOBRE A OFERTA PRESENTADA POLA EMPRESA LICITANTE PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COMPOSICIÓN, IMPRESIÓN, PUBLICACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO DIARIO OFICIAL DE GALICIA.

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Antecedentes xurídicos

1.2.- Antecedentes de feito

2.- RELACIÓN DE EMPRESAS OFERTANTES

3.- DATOS ECONÓMICOS SIGNIFICATIVOS DAS OFERTAS (redución do tipo máximo de licitación)

4.- DATOS TÉCNICOS SIGNIFICATIVOS DAS OFERTAS

4.2.- La Voz de Galicia, S.A.

4.2.1.- Equipo técnico

4.2.2.- Sistema de distribución

4.2.3.- Recepción de orixinais

4.2.4.- Características técnicas da impresión

4.2.5.- Almacenamento dos exemplares do DOG

5.- MELLORAS TÉCNICAS OFERTADAS.

5.2.- La Voz de Galicia, S.A.

6.- PUNTUACIÓN.

8.- CONCLUSIONES.

1.- ANTECEDENTES:

1.1.- ANTECEDENTES XURÍDICOS:

Ao se tratar dun contrato de duración determinada (2 anos), o valor do contrato será o importe total das prestacións durante a vixencia do contrato (artigo 195 d.1º do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas).

A prestación dos servizos de *composición, impresión, publicación e distribución do Diario Oficial de Galicia* vén determinada por prezos unitarios, tal e como establece o artigo 197 b) do devandito regulamento xeral).

O procedemento para adxudicación dos servizos de *composición, impresión, publicación e distribución do Diario Oficial de Galicia* segue a vía establecida nos artigos 85 e 208.1 e 3 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, xa que, ao non ser o prezo o factor determinante para a adxudicación, ten que rexeitarse a poxa como forma de adxudicación, posto que esta unicamente a recomenda a lei para este tipo de contratos naqueles procedementos de escasa contía económica, polo que o órgano de contratación decidiu usar a forma de concurso e o procedemento aberto regulados nos ditos preceptos.

No caso de presentárense varias ofertas e de acordo co anterior, a adxudicación do contrato deberá recaer na proposición que resulte máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios obxectivos establecidos no propio prego de cláusulas administrativas particulares, sen atender necesaria e exclusivamente ao valor económico da oferta

segundo indica o artigo 88 do devandito texto legal.

Consonte estas premisas e no caso de presentárense varias ofertas, este informe tería como finalidade establecer, mediante a valoración dos criterios obxectivos, a puntuación das ofertas recibidas, e que deberían ser tidos en conta á hora de que a Mesa de Contratación lle formule a súa proposta de adxudicación ao órgano de contratación, que, de conformidade co disposto no citado artigo 88 podería alternativamente adxudicarlle o contrato á oferta máis vantaxosa ou declarar deserto o concurso, motivando, en todo caso, a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no prego de cláusulas administrativas parti-culares.

1.2.- ANTECEDENTES DE FEITO:

Por resolución do 12 de xaneiro de 2007, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 13, do día 15 do mesmo mes, foi convocada a contratación mediante concurso público e procedemento aberto (anticipado de gasto) do servizo de composición, impresión, publicación e distribución do *Diario Oficial de Galicia*, polo período de dous anos, cun tipo máximo de licitación para a impresión de 1,90 céntimos de euro por páxina para unha tiraxe mínima de 2.500 exemplares, sumadas as dúas edicións (galega e castelá) e de 0,21€ para a distribución de cada exemplar, IVE incluído nos dous casos. Todo isto tal e como se establece nos puntos V.1 e 2 do prego de prescricións técnicas.

2.- RELACIÓN DE EMPRESAS OFERTANTES:

O día 1 de marzo do presente ano, ás 12 horas, en acto público, reuníuse a Mesa de Contratación constituída para o efecto que acordou admitir a única empresas licitante, que foi a seguinte:

La Voz de Galicia, S.A.

3.- DATOS ECONÓMICOS SIGNIFICATIVOS DA OFERTA (Redución do tipo máximo de licitación):

Para facer a análise económica da oferta considérase para unha tiraxe de 4.000 exemplares (galego e castelán) durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006. Neste período editáronse 1 exemplar de 12 páxinas, 1 de 24, 1 de 28, 7 de 36, 6 de 40, 10 de 44, 16 de 48, 15 de 52, 16 de 56, 8 de 60, 31 de 64, 23 de 72, 28 de 80, 20 de 88, 15 de 96, 9 de 104, 12 de 112, 12 de 120, 4 de 128, 4 de 136, 11 de 144.

Da investigación efectuada na documentación presentada pola em-presa concursante dedúcese que o prezo máximo ofertado está dentro da marxe permitida polo prego de cláusulas técnicas.

EMPRESA LICITADORA:	EDICIÓN:	DISTRIBUCIÓN:
La Voz de Galicia, S.A.	De 1,220 a 1,890 cénts. €	0,25 euros/exemplar

Na edición o prezo por páxina ofertado por *La Voz de Galicia, S.A.*, oscila, de menor a maior, entre 1,220 cénts. de euro para exemplares de 200 páxinas, cunha tiraxe de 6.000 exemplares e 1,890 cénts. de euro para exemplares de 12 páxinas, cunha tiraxe de 2.500, sumadas nos dous casos a edición galega e a castelá.

Verbo da distribución, o prezo por exemplar ofertado pola empresa licitadora é independente da paxinación que este teña. Así o prezo de *La Voz de Galicia, S.A.* é de 0,25€ por exemplar.

4.- DATOS TÉCNICOS SIGNIFICATIVOS DAS OFERTAS:

Neste caso soamente se presentou unha empresa, que é a que

figura no punto seguinte:

4.1.- LA VOZ DE GALICIA, S.A.

4.1.1.- Equipamento técnico

Para o tratamento de textos afirma dispoñer dun complexo sistema que lle permite manter sen interrupción 15 centros de produción editorial autónomos coa súa propia rede local, interconectadas cunha malla de circuítos baseados en tecnoloxía MPLS de tipos de tráfico priorizado e accesos ADSL seguros desde 10 subdelegacións.

O sistema de preimpresión está baseado nun sistema de 6 RIP Postscript de Harlequín capaces de recibir ficheiros con calquera tipografía en formato Postscript, EPS, PDF o TIFF. Este sistema é capaz de procesar 30 páxinas de texto A3 por minuto, así como 3 máquinas CTP de paso directo de planchas de Agfa-Polaris capaces de producir, cada unha delas, 100 planchas por hora.

O sistema de preimpresión permite tamén conectar calquera impresora láser para obter probas de impresión á entrada ou á saída do RIP.

Para facilitar o uso deste sistema La Voz de Galicia, S.A., porá ao dispor da Administración pública o software necesario para que poidan ser utilizados para a impresión do *Diario Oficial de Galicia*.

4.1.1.1.- Composición do DOG:

La Voz de Galicia, S.A. afirma ter nas súas instalacións e ao

dispor da Xunta de Galicia, para casos de forza maior, os equipamentos informáticos e técnicos necesarios para poder compoñer, editar e, por tando, imprimir e distribuír o DOG por medios alternativos ao sistema actual propiedade da Xunta, todo iso sen que se resintan o máis mínimo os prazos de entrega e a calidade do produto final. Os equipamentos e o software para a execución destes traballos son os seguintes:

- 20 ordenadores PC para a introdución de textos e maquetación de páxinas.
- 20 licencias de Adobe Indesign.
- 2 escáneres A4 para a captura de imaxes.
- 2 impresoras láser para a produción de probas.
- As correspondentes liñas telefónicas para a transmisión de probas.

Isto último pretende superar o principal handicap que ten que a localización física do centro de impresión e de distribución de La Voz de Galicia estean en Arteixo. Esta empresa afirma, así mesmo, que a súa delegación en Santiago está perfectamente capacitada para o envío telemático de calquera tipo de arquivo á central de Sabón, onde tamén dispón dun departamento de corrección de textos e recepción de orixinais.

4.1.1.2.- Impresión do DOG:

Afirma tamén a empresa licitadora ter capacidade para producir ata 60.000 exemplares, de 192 páxinas cada un, nas mesmas condicións de entrega da tiraxe e coas restricións, verbo da entrega de orixinais, consistentes en propor a entrega dos orixinais impresos 24 horas despois de recibir a totalidade dos orixinais.

Para valorar, de ser preciso, a utilidade deste aspecto da oferta, habería que ter en conta a imperfección dos orixinais que chegan ao *Diario Oficial de Galicia* e que serían os que, consecuentemente, se lle

poderían entregar a esta empresa.

4.1.2.- Sistema de distribución:

a) Esta empresa afirma dispoñer dunha aplicación especial, desen-volvida polo propio persoal do seu Departamento de Informática, para o tratamento das subscricións do DOG, co que se obtén información actualizada diariamente verbo dos movementos de altas e baixas que se producen no volume de subscricións. Cómpre ter en conta que neste momento a Administración xa dispón do software preciso para manter constantemente actualizada a base de datos de subscritores.

b) Esta empresa afirma que entregará o DOG nas cidades especificadas pola Xunta e nos puntos por ela determinados antes das 8 da mañá do día da data de saída.

c) *La Voz de Galicia, S.A.*, ofrece complementar ese servizo por canto dispón de medios de distribución que cobren toda a Comunidade Autónoma de Galicia, a través de 52 rutas e fóra dela a que denomina *Ruta Bierzo*, integrada polo Bierzo, Astorga e Valdeorras.

Suponse, posto que nada di sobre a entrega do DOG en Correos, clasificado por rutas, ás 20 horas do día anterior á súa data de saída, que o fará ou que o seu sistema de distribución o fai innecesario.

Esta empresa ofrece a maiores a entrega, recolla de devolucións e liquidación mensual de contas de todas as libraías nas que se expende actualmente o DOG, con ingreso mensual do liquidado correspondente na conta bancaria designada pola Xunta de Galicia, tal e como xa vén realizando na actualidade.

4.1.3.- Recepción de orixinais para a composición do DOG:

Como xa expresamos no punto 4.1.1.2, La Voz de Galicia, S.A., propón a entrega dos exemplares impresos 24 horas despois de recibir a totalidade dos orixinais. Supoñemos que se trata da recepción dos últimos orixinais e que se lles poderán entregar con antelación.

4.1.4.- Características técnicas da impresión do DOG:

Nada di, agás aquilo do que xa demos conta no punto 4.1.1.2, polo que hai que remitirse ao recollido no punto II.1 do prego de cláusulas técnicas.

4.1.5.- Almacenamento de exemplares do DOG.

Nada di, polo que hai que remitirse ao recollido no punto IV do prego de cláusulas técnicas que exige o almacenamento durante dous anos en xeral e algunhas particularidades máis verbo dos índices e dos cedés.

5.- MELLORAS TÉCNICAS OFERTADAS:

5.1.- LA VOZ DE GALICIA, S.A.

La Voz de Galicia, S.A. ofrece e describe, así mesmo, medios alternativos ao sistema de composición do DOG de propiedade da Xunta para compoñer, editar e, polo tanto, imprimir e distribuír o DOG sen que se resintan o máis mínimo os prazos de entrega e a calidade do produto final. Nestes equipos están comprendidas as correspondentes liñas telefónicas para a transmisión de probas. Isto pretende superar o atranco da distancia que hai entre o centro de

impresión e de distribución desta empresa, situado en Arteixo, e a sede do DOG e da Xunta situada en Santiago.

Unha mellora notable e digna de ter en conta é a capacidade técnica desta empresa de imprimir exemplares do *Diario Oficial de Galicia* de paxinación ilimitada, en fascículos de até un máximo de 192 páxinas cada un, cando no prego de cláusulas técnicas só se exixen fascículos de 160 páxinas.

La Voz de Galicia, S.A. ofrece tamén proporcionar o soporte necesario para un redeseño tanto do logotipo como da portada do *Diario Oficial de Galicia*, para o caso de que á Xunta de Galicia lle interese.

6.- PUNTUACIÓN:

O sistema de valoración establecido no prego de cláusulas administrativas particulares establece que sobre un máximo de 100 puntos, 75 correspóndenlle á composición, maquetación, impresión e distribución, adxudicándolle a maior puntuación á oferta máis económica e ás demais a puntuación proporcional correspondente e 25 ás condicións técnicas, distribuídos en: a) medios técnicos (até 10 puntos), b) medios humanos (até 5 puntos), c) medios materiais auxiliares (até 5 puntos) e d) melloras en relación co prego (até 5 puntos).

Trátase, porén, dun concurso ao que só concorreu unha empresa, La Voz de Galicia, S.A., esta empresa obterá a máxima puntuación, posto que soamente se pode comparar cos mínimos exixidos no prego.

Se houberse outras empresas alternativas, nas melloras en relación co prego habería que terlle en conta a mellora en medios

humanos, xa que segundo di, para optimizar a realización dos traballos obxecto do concurso, La Voz de Galicia, propón incorporar un teclista corrector ao equipo humano encargado do desenvolvemento das tarefas de elaboración do *Diario Oficial de Galicia*.

Esta empresa asegura tamén ter capacidade para entregar calquera número de copias do DOG dos últimos anos, no prazo de 24 horas, sempre que a Administración lle subministre os arquivos pdf necesarios, se se trata de exemplares anteriores a 2002.

7.- CONCLUSIÓN:

Dado que a oferta de La Voz de Galicia, S.A., cumpre as exixencias dos pregos en todos os seus aspectos e que é a única oferta presentada ao concurso, debe contratarse con esta empresa o servizo de composición, impresión, publicación e distribución do *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2007.

O xefe de Sección do Diario Oficial de Galicia e vogal da Mesa

Asdo.: Eduardo Hortensio Fernández Díaz